



OSVALDO BREA, ACTIVISTA DA RESISTENCIA GALEGA

A pregunta que hai que facerse, mais ben, é ¿porque non vamos poder nós utilizar a violencia?

Cítome con el na cafetería dunha vila mediana das Rias Baixas, e é el o que se fai notar, levantando unha man desde unha das mesas do fondo. Recoñéceme grazas á fotografía que lle fixen chegar a través do amigo común que facilitou a entrevista. El dime que a concede por que ten boas referencias de min e porque o ve “interesante”, pero recórdame as poucas condicións que eu xa coñezo: non podo citar os lugares nen os nomes que el non me autorice de forma explícita, e podo fotografalo “sempre que logo non o vaan recoñecendo pola rua”. As fontes policiais ás que consultei antes de realizar a entrevista aseguran telo completamente identificado, pero o que el non quere é que “o sinalen polos bares”. É un xoven de 30 anos, complexión mediana e xesto alegre. Parecemos

mais unha parella de mozos do que unha xornalista entrevistando a un activista clandestino dun dos fenómenos de violencia radical que mais preocupa á Policía e á Guardia Civil en Galiza.

-¿É vostede membro da *Resistencia Galega*?

-Pois supoño que si... Quero decir, que a *Resistencia Galega* é o nome que se lle daba ao que nós facemos nun manifesto que saíu publicado en Internet o ano pasado... Eu agora non lembro ben o que dicía o manifesto ese, pero no mais importante estaba de acordo. Así que o nome me vale.

-¿Ten algunha responsabilidade dentro da *Resistencia Galega*?

-Non, non me entendes. A *Resistencia Galega* non é unha organización. Segundo eu o interpreto, se a ti mañá che despide o teu xefe e ti como resposta lle queimas o coche, pois enton ti tamén es da *Resistencia Galega*. Simplemente porque es un galego que resistes, que non te conformas, que ensinas os dentes. Iso é o que facemos nós.

-¿A quen se refire con “nós”?

-En primeiro lugar a min mesmo e ao grupo de compañeiras e compañeiros con quen eu actúo. Pero tamén, en xeral, a todos os galegos que responden coa violencia á violencia do Estado e do Capital.

-¿Cando fala de “acuar” quere dicir realizar atentados e sabotaxes?

- Claro

-¿É vostede responsábel da colocación dos artefactos incendiarios que destruíron un camión militar en Carnota, durante a crise do *Prestige*, e danaron un autobús de reclutamento do exército en Vigo no 2004?

-¿Por que me pereguntas concretamente por esas sabotaxes?

-Porque a Policía Nacional e a Guardia Civil coinciden en situar o seu grupo detrás dos ataques a obxectivos do exército.

-(sorri) ¡Pois mira ti a canto *sabueso* deixábamos sen traballo se agora eu me autoinculpo publicamente diso! Só che direi que o exército, como todos os corpos destinados a impornos polas armas as leis do inimigo, merecen todo o noso desprezo...

- As mesmas fontes afirman terlle perdido a pista desde Maio de 2004. Resulta difícil pensar que a estas alturas haxa xente vivindo na clandestinidade. ¿Faino vostede por romanticismo?

-Son puntos de vista. A min o que me resulta increíble é que a estas alturas haxa xente resignada a unha vida sen mais sentido que traballar e consumir, rodeada das inxustizas máis grandes que se teñen producido na historia da humanidade, e conformada con evadirse lendo comics ou vendo pelis de acción... No meu caso a clandestinidade foi unha escolla forzada pola presión policial á que, a partir de determinado momento, comecei a verme sometido. Desde o momento en que teño a certeza de que a *picoletada* me ten identificado e me atribuí a participación nalgunhas accións concretas, decido deixar a miña vila, a miña vivenda e o meu traballo habituais. Dito sexa de paso, o do traballo non me custou absolutamente nada...

- ¿E onde vive agora? ¿E de que vive?

- Pois vivo en moitos sitios distintos, gracias á hospitalidade de verdadeiros amigos. A maioría deles non teñen nada que ver coa loita, pero si teñen un sentido profundo da amizade, da solidariedade e do apoio fronte a represión...

-Alguns deles, seguramente, emigrantes retornados da América Latina...

-¡Vaia! ¿Dixeronche iso tamén as tuas fontes policiais?

-Non, pero si que vostede naceu en América Latina, e que, unha vez retornado, o seu pai abriu un bar moi frecuentado polos emigrantes.

-É certo que nacín fora, pero volvimos para a Galiza sendo eu neno. Os meus pais trouxeron de ali o diñeiro para abrir o bar, e eu a experiencia de non ter aprendido nunca a ser español. Está claro que ali na escola non se nos ensinaba a *rojigualda*, e na casa só se falaba galego e da Galiza...

-¿Como é a Galiza que se encontrou á súa chegada?

-Nós volvimos no 86, cando eu tiña 10 anos. E a verdade é que algúns dos recordos que teño dos primeiros anos aquí marcáronme un montón. Por exemplo, ¡eu pensaba que aquí todos falaban galego! E levei un chasco enorme cando vin que non... Tamén lembro como se comentaban no bar as mobilizacións que había naquela época, ou as accións mais sonadas do EGPGC... Logo no instituto, o típico, teño moi bo recordo dalgun profesor, que era nacionalista e nos falaba de política na clase, ¡ainda que despois me suspendía sempre, o moi cabrón! (risas) Bueno, a verdade é que eu non fun nunca moi bo estudante... botábamnos o día nun monte de ali perto, fumando charros. Ali tiveron a miña primeira experiencia directa coa Guardia Civil, e esa si que me marcou para sempre.

-¿Que ocorreu?

-Estábamos os amigos ali fumando, e chegou a parella, que un deles a min me coñecía por que paraba polo bar. O caso é que empezaron a insultarnos, a min chamándome incluso “sudaca” e tal, ate que eu me rebotei, puxenme como louco e fun contra un deles. Bueno, eu debía de andar polos 15 anos, e eles eran dous homes... e deronme unha paliza que aínda me doe cando a recordo. Logo amenazaron con pechar o bar de meu país se eu contaba algo.

-¿E contouno?

-Non, claro.

-¿Entón foi nesa época cando adquiriu a súa conciencia política?

-Non exactamente. O sentimento si, porque eu tiña de sempre a Galiza moi idealizada, e vin que isto non era así, que había cousas que estaban mal e xente que loitaba. E eu, claro, situábame sentimentalmente con estes. Pero logo, aos 17 anos, deixo os estudos e marcho 4 anos a traballar a Canarias. E é ali onde coñezo outros galegos xa con ideoloxía, onde comezo a ler algo sobre política... bueno, onde termino de entender o que eu xa sentía. Tamén é nesa época na que me convenzo de que o nacionalismo maioritario ten mais complexos que un neno con gafas de cu de vaso, e me entero de que na Galiza volve haber xente nova, independentista, que na altura comeza a organizarse e a facer cousas.

-¿Comeza vostede a militar en algun destes grupos, á súa volta?

-Bueno, eu compraba as revistas e ia a algúns actos, pero nunca cheguei a militar en serio. Non por nada, senon porque nunca me vin cómodo na militancia política. Tanta reunión abúrreme e desespérame. ¡Que conste que respeito a quem milita nas organizacións,¿eh?! Pero non é o meu... Ademais, tamén teño visto casos de xente que pulula polas organizacións como quen xoga aos *papás e ás mamás*, ¿sabes?, para xogar a facer política “de verdade”, a dar “discursos trascendentais”, a ser protagonista de “momentos históricos”, e moita tontería parecida que, sinceramente, non aturo.

- Iso parece unha proclama anarquista ¿Como se define ideoloxicamente?

-Eu non me defino de nada. Iso é como se che din que te definas gastronómicamente: pois mira, a min gústame mais a carne que o peixe, pero tamén hai carne correuda, e teño probado peixes que che cae a baba... ¡e cando hai fame, non lle fago ascos a nada que alimente!. Pois coa política igual. Eu son galego, independentista, son revolucionario e estou disposto a comer de todo o que alimente a luita do meu pobo. Agora que tamén che digo unha cousa: desconfío dos políticos como do demo. Eses son como esta comida prefabricada, que na foto do paquete parece caseira, pero que en realidade é merda pura e dura...

-En calquer caso está claro que vostede aposta pola vía da violencia. A Policía Nacional identifícaa por primeira vez nos altercados producidos en Santiago de Compostela na última investidura como Presidente de Manuel Fraga...

-Si, eu daquela estaba en Santiago porque tiña unha moza que estudaba ali. E era o ano da LOU, creo, e enton entre os estudantes e os independentistas montaron una protesta coincidindo coa gaiterada de Fraga. Creo que estábamos na Alameda un montón de xente, e enton ali a pasma empeza a disparar gases lacrimóxenos, e algúns xa escapan para unha rúa do centro, e empezan a cruzar coches e contenedores para defenderse da policía. Bueno, eu o que sentín ali non cho sei explicar, pero vin que aqueles eran dos meus, e que todos xuntos podíamos tratar á policía de tu a tu. Eu nunca estivera nunha desas, pero había algúns que iban preparadísimos, con pedras, con barras de ferro e con cócteis molotov, e montouse en toda a zona nova de Santiago unha batalla campal durante unha media hora ou así...

-Foran incendiadas varias sucursais bancarias, e a policía detivo a dous estudantes...

- Si, ali non se librou ninguén. Nós á policía non lle chegábamos, porque eles disparaban desde lonxe coas pelotas de goma... pero emprendíamola contra os bancos, que a fin de contas son os que mandan. Ademais, así conseguíamos que tivesen que entrar os bombeiros, o que causaba moito mais caos e nos daba mais posibilidades de defendernos. Ao final quedamos un grupo de uns 20, e xa nos dispersamos por un barrio das aforas de Santiago. A min identificoume unha patrulla unha hora mais tarde, porque tiñan montado un dispositivo, pero estaba limpo e non me pasou nada. Guardo un recordo moi bo daquela experiencia, porque ali me decantei claramente cara a violencia defensiva, e coñecín outra xente coas miñas mesmas ideas.

-¿Pero por que utilizar a violencia, Osvaldo? Hoxe hai outras vías...

-A pregunta que hai que facerse, mais ben, é ¿porque non vamos poder nós utilizar a violencia? Porque aqui a violencia está na orde do día: os construtores consiguen que se aprobe un PXOU, e impóñeno coas porras e os calabouzos da Policía Local; os políticos aproban unha lei, e impóñena coas pistolas da Policía Nacional e os cuartelillos dos picoletos... Enton ¿que é o que pasa?, ¿que hai que sacar oposicións para usar a violencia? Pois eu xa dixen que nunca fun moi bo estudante, e ademais non quero poñerme ao servizo dos ricos e dos españois... pero se eles nos tratan a ostias, eu non vou ser menos...

-Pero as súas accións teñen unha repercusión e unha orientación política. ¿Que pode pintar a violencia revolucionaria na Europa do século XXI?

-Pois, precisamente, pode pintalo todo. Porque esta Europa do século XXI é unha Europa asquerosamente gris, inxusta e insolidaria, integrada ate a médula no negocio da explotación, da guerra e do reparto capitalista do mundo. Monocromática ate a enfermidade na súa obsesión por acabar coas nacións e as culturas dependentes. Violentar esa realidade é a única maneira de non ser cómplice dela.

-E sen embargo a inmensa maioría do nacionalismo galego nunca entendeu, e menos agora, a necesidade de utilizar a violencia no noso contexto. Tráтанos a vostedes de tolos ou de fanáticos.

-Pois eu asegúroche que hai mais xente indo a terapias psicolóxicas entre os cuadros e a base social do nacionalismo maioritario, cos seus *moo-bings*, as súas depresións e as súas frustracións, do que entre quen apostamos por desconectar da vida burguesa, e por non reprimir as nosas ideas nen as nosas accións. O que é unha loucura é pretender falar en serio de “liberación nacional e social” co modo e o nivel de vida que teñen algúns...

-¿Pero non cre que algo de razón teñen quen alegan que isto non axuda a normalizar o nacionalismo e a ampliar a súa base social? O rexeitamento maioritario da violencia é un feito obxectivo...

-O que pasa é que nós non nos adaptamos aos feitos obxectivos, senon que loitamos por

cambialos. E eu rechazo con todas as miñas forzas esa “normalidade” á que algúns queren levar o nacionalismo galego, que pasa por ser igual que todos os partidos do sistema, por ser unha marca mais no mercado electoral, por xestionar de forma responsable as parceliñas que o Estado deixa e ter unha Pilar Rahola no Crónicas Marcianas de turno...

-¿É consciente de que a súa posición o enfrenta a anos de cárcere?

-Si, claro.

-¿E iso non o asusta?

-Bueno, tamén son consciente de que fumar me vai acabar provocando cancro, e claro que me asusta verme esperando a morte na cama dun hospital... ¡pero é que a vida sen tabaco non me sabe a nada!(risas). Aquí exaxero algo, claro, pero é para que me entendas. As consecuencias da loita claro que poden ser moi duras, tanto para min como o foron ou o están a ser agora para outros compatriotas... Pero iso compénsase co verdadeiro pracer de vivir loitando.

-Está vostede só...

-Si, pero non estou só eu. Cada vez hai mais galegas e galegos dispostos a “estaren tamén sós”, ben lonxe de rebaños e de pastores que só nos levan cara o precipicio. E asegúroche que aquí, aínda que estexamos sós, vivemos como seres humanos.